

ACTA Nº 2/2012

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E NOVE DE MARZO DE DOUS MIL DOCE.**

En Paradelas, a vinte e nove de marzo de 2012.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D<sup>a</sup> ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Non asiste o Sr. Concelleiro D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO, que excusa a súa presenza por mor dunha viaxe e D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 26 DE XANEIRO DE 2012.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 26 de xaneiro de 2012, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 26 de xaneiro de 2012.

## FOLLA Nº 2

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos nove Concelleiros que asisten á sesión, (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo once o número legal de membros.

### **2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucions de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

### **3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA.**

O Sr. Alcalde-Presidente di que a pretensión é actualizar a taxa, xa que basicamente se manteñen os mesmos prezos, e agora o que se fai é especificar distinguindo os enganches, acometidas e contadores segundo o tamaño, tipo de reposición na zanza, etc. a prezo de mercado; que ata agora tarifaban de xeito xenérico por un importe de centovinte euros.

Inclúese una tarifa para as explotacións gandeiras de 0,10 €/m<sup>3</sup>, o que resulta moito máis barato que tirar de pozos de barrena, ademais de asegurar o certificado de calidade das augas.

A da Proposta de Alcaldía, ten o seguinte tenor literal:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a execución dos proxectos de obra de abastecemento de auga aos distintos núcleos de poboación do Concello de Paradelas, levados a cabo no ano 2011 e 2012.

Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministro de auga en vigor, en relación co artigo 5 onde se regula a cota tributaria, só se contemplan as tarifas referentes a consumos por usos domésticos (Tarifa A) e industriais (Tarifa B) e os dereitos de enganche (Tarifa C).

Visto que a ordenanza en vigor, non recolle nin os gastos por acometidas, nin por contadores, resultando preciso a súa regulación, xa que sos custos que deben asumir os beneficiarios do servizo, despois do esforzo e investimento que supuxo para o Concello a formación da rede xeral de auga así como o custo do seu mantemento.

Ao abeiro do exposto con anterioridade, é preciso o inicio do expediente de modificación da Ordenanza, polo que se propón ao Pleno da Corporación.

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA, da seguinte forma:

#### **Art. 5º.- COTA TRIBUTARIA**

A cuota tributaria da taxa, regulada nesta Ordenanza, será a fixada na tarifa seguinte:

##### **1. TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO**

## FOLLA Nº 3

Cuota tributaria correspondente á alta no servizo de abastecemento de auga consistirá na cantidade fixa de 30,00 euros.

- Tarifa A: Usos domésticos.- Aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para as necesidades primarias da vida. Se asimilan ós usos domésticos, considerándose como tales os suministros nos que a auga constitúe un elemento indirecto e non básico nunha actividade profesional, comercial ou industrial.

Cuota fixa mensual ..... 1,20 €

1.- Consumo mensual ata 20m3 .....0,30 € m3.

2.- Consumo de máis de 20m3 ..... 0,45 € m3.

- Tarifa B: Usos industriais.- Aqueles nos que a auga constitúe un elemento directo e básico, ou imprescindible, na actividade industrial

Cuota fixa mensual .....2,40 €

1.- Consumo mensual ata 20 m3 .....0,60 € m3.

2.- Consumo de máis de 20 m3 .....0,75 € m3.

3.- Explotación gandeiras .....0,10 € m3.

### 2. PREZOS DE ACOMETIDAS E CONTADORES.

#### 2.1. Acometidas de abastecemento.

Faise o cálculo en base á acometida normal de 3 metros de lonxitude media (1 a 5 metros).

#### MATERIAIS

1. Ud. Collarín de toma.

- Ud. De enlaces.

1-5 Mi. Tubería P.E.

1. Ud. Chave da paso.

1 Ud. Arquetilla de fundición de 15 x 25 cm.

#### OBRA CIVIL

1. Ud. Arquerta c/tapa

1-5 MI. Zanza (apertura, peche e reposición).

Prezos dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanza.

ACOMETIDA	TERRA (A)	ASFALTO (B)	BALDOSA-ACERA (C)
¾"	181,07	233,17	279,27
1"	195,14	246,28	289,80
1 ½"	234,78	286,42	329,96
2"	279,39	329,96	374,04

Incremento no prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 metros.

ACOMETIDA MÁIS DE 5 METROS	¾"	1"	1 ½"	2"
(A) Incremento €x m.	8,73	10,26	14,63	24,53
(B) Incremento €x m	19,26	20,79	25,16	35,07
(C) Incremento €x m	23,19	24,63	29,02	38,91

## 2.2. Contadores.

### 2.2.1. Instalación de contador (13 mm) en batería ou similar

- Contador de 13 mm.
- Válvula antiretorno
- Pezas conexión
- Prezo contador instalado.....77,10 Euros/unidad

### 2.2.2 Instalación de contador de superior a 13 mm.

Farase un presuposto previo.

### 2.2.3. Tarifas de contadores sen colocación

- 13 mm.....52,91 Euros/unidad
- 15 mm.....60,23 Euros/unidad
- 20 mm.....73,51 Euros/unidad
- 25 mm.....119,75 Euros/unidad
- 30 mm.....167,39 Euros/unidad
- 40 mm.....259,48 Euros/unidad
- 50 mm.....566,97 Euros/unidad
- 40 mm.....702,84 Euros/unidad

### *Disposición Final:*

*A presente modificación aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 29 de marzo de 2012, entrará en vigor unha vez publicada a mesma no BOP, sendo de aplicación a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.*

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 17 do R.D. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, expoñer ao publico no BOP e no Taboleiro de Anuncios do Concello o presente acordo durante trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra a mesma, considerárase definitivamente aprobada, debendo publicarse o texto íntegro da modificación da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.

Paradela, 20 de marzo de 2.012. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Toma a palabra, a voceira do Grupo Municipal Socialista, na que manifesta que si ben non está de acordo no sistema de subida e captación de auga que se adoptou; si que é una demanda dos veciños, e o seu grupo vaise abster por non poder profundizar nas tarifas.

Respecto do esforzo do que fala Alcaldía na proposta, di que ata o momento só Francos e outras dúas Parroquias gozan deste subministro, se ben o resto de Parroquias carecen del.

O Sr. Alcalde, resposta que que en breve se dará servizo á Parroquia de Cortes e posiblemente a Ferrerios e Laxe; e se non houbo antes foi porque os veciños non querían o servizo.

Dª Sonsoles López, voceira do grupo municipal Socialista di que se tratou máis dun esforzo de mentalización que económico, e pregunta se o tema do saneamento foi polo mesmo motivo.

O Sr Alcalde, resposta que os motivos foron os mesmos.

Procédese a votación da proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos once Concellerios que asisten á sesión plenaria, sendo este o seu número legal de membros”.

**4º.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, AO ACORDO DE ENCOMENDA DE XESTIÓN ENTRE O CONCELLO DE PARADELA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS DE EMPREGADO PÚBLICO, SELO E SEDE ELECTRÓNICA.**

O Sr. Alcalde-Presidente procede á lectura da Proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Visto o acordo adoptado por unanimidade do Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada en data 26 de xaneiro de 2011, de adhesión en liña ao convenio para o desenvolvemento da e-administración nas entidades locais da Comunidade autónoma de Galicia (substitución do convenio do Portelo Único).

Vista a aprobación por unanimidade do Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada en data 26 de xaneiro de 2011 da Ordenanza reguladora da Administración Electrónica do Concello de Paradela.

Continuando na liña de adaptación e implantación das novas tecnoloxías levada a cabo polo Concello, resulta fundamental e imprescindible que o Concello conte con certificados dixitais que garantan a autenticidade e validez de todos os trámites e comunicacións municipais que se desenvolvan a través de internet; sendo necesario a adhesión por parte do Concello á Encomenda de Xestión entre o Concello de Paradela e a Deputación Provincial de Lugo para a tramitación de solicitudes de certificados electrónicos de empregado público, selo e sede electrónica.

## FOLLA Nº 6

O texto da encomenda foi redactado pola Oficina de Concellos da Xunta de Galicia e a Fábrica Nacional de Moneda e Timbre – Real Casa de la Moneda (FNMT-RCM).

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno:

**PRIMEIRO.-** A adhesión por parte do Concello á Encomenda de Xestión entre o Concello de Paradela e a Deputación Provincial de Lugo para a tramitación de solicitudes de certificados electrónicos de empregado público, selo e sede electrónica.

**SEGUNDO.-** A cumprimentación, sinatura e envío do protocolo de adhesión por parte do Alcalde-Presidente.

Paradela, 20 de marzo de 2012. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Procédese a votación da proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concellerios que asisten á sesión plenaria, sendo once o seu número legal de membros.

### **5º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, se ben dase a posibilidade de poder facelo neste intre, non formulándose pregunta algunha.

Dª. Sonsoles López, voceira do Grupo Municipal Socialista pregunta se hai alguna nova respecto do ENIL e do tema das minicentraís.

O Sr. Alcalde respóstalle que sabe das alegacións realizadas por outros concellos e organismos así como dos informes sectoriais da administración autonómica, pero nada máis.

Dª. Sonsoles López, voceira do Grupo Municipal Socialista pregunta se o concello non se adheriu ao Plan de axuste.

O Sr. Alcalde respóstalle que non, xa que se pagou todo en prazo, ao estar saneado o Concello e con Remanente de tesouraría positivo.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do vinte e nove de marzo de dous mil doce, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**Visto e prace**

**O Alcalde**

**O Secretario-Interventor**